

Unidade Didáctica para Secundaria

"Dun Plumazo"




Confederación Intersindical Galega
ENSINO



Fotografía de Nazario, Ocaña e Camilo polas Rambas de Barcelona

Autoría: Mar F. Cendón



O título deste traballo é un recoñecemento e unha homenaxe ao traballo activista no que se centra esta unidade didáctica.

No ano 1991 creouse no barrio de Lavapiés, en Madrid, o grupo activista La Radical Gai (1991-1997). Ademais do seu activismo político, en alianza co grupo de lesbianas LSD (1993-1998), elaboraron materiais teóricos, fanzines, carteis e as revistas *De un Plumazo* e *Non Grata*.



lugares nómades coma nós
que atopas sen saber as coordenadas
covas de gatas doentes e salvaxes
onde a disidencia e o trastorno
viran as costas
para entón
cárnicas e libertarias
transitar

[Andrea Nunes Brións/ María Rosendo Priego, *Diáspora do Amor Balea*]

O movemento lgbtqi+ xurdiu como unha reacción aos ataques das institucións contra os seus dereitos e contra as súas vidas. As revoltas coas que se iniciou o movemento serviron para axudar a espertar as consciencias de moitas persoas que estaban a ser discriminadas e marxinaadas pola súa identidade ou a súa sexualidade. Loitaron, con rabia, pola supervivencia e pola liberdade. A resistencia e as fórmulas que crearon estas minorías poden ofrecer innumerables puntos de reflexión para empezar (ou seguir) a actuar cara a transformación social.

Esta unidade didáctica pretende traballar a diversidade nas aulas a través da **reivindicación** e **celebración** da historia de resistencia radical ao heteropatriarcado que moitas persoas e colectivos lgbtqi+ representan. Se reparamos, por exemplo nos traballos que denuncian a represión franquista poucas veces atopamos recollidas as experiencias de homosexuais, lesbianas, bisexuais ou trans, a pesar da violencia específica que viviu durante ese período esta parte da poboación. Tampouco se fala dos grupos que se organizaron na década de 1990 para articular campañas de prevención do VIH ou de denuncia da falta de medidas políticas. Estas e outras cuestións que teñen por protagonista ao movemento lgbtqi+ son desbotadas polo heterocentrismo que as considera pouco útiles e improdutivas. No ámbito educativo, no que non deberían operar o pensamento único nin as lóxicas produtivistas senón as que promoven a emancipación e a autonomía, debemos considerar o traballo do medio da disidencia sexual e de xénero polo seu papel na historia –ata agora sempre parcial- e polo potencial para cuestionar o sistema opresor e violento no que vivimos.

O movemento lgbtqi+ - en diálogo con feminismo- aséntase nun pensamento crítico da nosa realidade que se propón construír novas posibilidades nas identidades nun momento de maltrato contra a vida. Aprendamos del!

Obxectivos xerais

Esta Unidade Didáctica propón uns obxectivos que tratan de sumar ao traballo proposto nas unidades elaboradas e publicadas no ano 2018 *Normal é un programa da lavadora*.

- Dar visibilidade e recoñecemento aos movementos sociais que transformaron a nosa historia
- Traballar a diversidade nas aulas a través de fórmulas e experiencias sociais contemporáneas
- Potenciar a capacidade de acción do alumnado
- Fomentar a capacidade creativa do alumnado como ferramenta para a resolución de conflitos.

Metodoloxía

Partimos da idea de que todas as persoas precisamos información, formación e condicións para orientar os cambios persoais e sociais nos que participamos. Os contidos que desenvolve esta unidade didáctica pretenden, para contribuír a isto, ofrecer un lugar para reflexionar sobre as relacións que articula o sistema sexo-xénero e sobre a riqueza que ofrece a diversidade.

Queremos que esta proposta se articule como un convite a partir das experiencias propias e a doutras persoas anteriores a nós que, coa súa forma de ser e de estar no mundo, creron e crearon as posibilidades para relacionarnos en igualdade.

A metodoloxía de traballo é dinámica e participativa, situando no alumnado a capacidade de acción. As actividades céntranse na aprendizaxe significativa e a cooperación como fórmulas efectivas de transformación social. Predominan os xogos que van permitir crear outras estruturas de pensamento, baseados na liberdade, que facilita a aprendizaxe. A través do simulacro créanse as posibilidades para construír outros mundos a través do pracer a a diversión.

Traballamos desde unha perspectiva feminista que procura ser tamén interseccional, é dicir, que busca recoñecer que a clase social, a idade, a procedencia étnica, as crenzas, a lingua ou a (dis)capacidade son variables importantes a considerar.

Bloque 1

Reivindicación

O 28 de xuño -Día Internacional do Orgullo LGBTQI+- conmemora as protestas de Stonewall do ano 1969, pero antes foron a revolta de Cooper's Donuts a finais dos anos 50 e a revolta da cafetería Compton no ano 1966.

Pouco tempo despois creouse o primeiro colectivo radical polos dereitos da diversidade, o [Gay Liberation Front](#) (GLF) que pronto se estendeu en grupos por todo Estados Unidos e tamén polo estranxeiro – a situación política fixo que no Estado español o primeiro colectivo, o [Front d'Alliberament Gai de Catalunya](#), non puidera organizarse ata 1975. Experiencias semellantes foron o FHAR- [Front Homosexuel d'Action Révolutionnaire](#) e as [Gouines Rouges](#) en Francia ou [Fuori!](#) en Italia. No 1970 serían Sylvia Rivera e Marsha P. Johnson – dúas das trans que lideraron a revolta de Stonewall- quen fundaran [STAR](#) (Street Transvestite Action Revolutionnaires) para acoller a trans adolescentes que vivían na rúa.

Os grupos e as accións reivindicativas pola diversidade sexual seguiron multiplicándose por todo o mundo durante as seguintes décadas para tratar de mellorar as condicións de vida de todas as persoas. En moitas ocasións estes grupos non só se organizaron contra a discriminación e o maltrato á sexodiversidade senón que tamén incorporaron a loita contra o racismo, o feminismo e outras cuestións sociais que atravesaban ao movemento.

As reivindicacións do movemento lgbtqi+ funcionan tamén como unha alerta para outros movementos de transformación social. A sinerxia que mantén co movemento feminista permite que este avance no seu cuestionamento crítico revisando as exclusións e as relacións de poder que poden darse nas súas prácticas. Así sucedeu cando as [Lavender Menace](#) (depois coñecidas como [RadicalLesbians](#)) denunciaron as actitudes lesbófobas de algunhas feministas ou, no momento presente, co cuestionamento das declaracións e prácticas transfobas do feminismo TERF.

Obxectivos

- Situarnos como suxeitos con capacidade de acción
- Recuperar a historicidade dos movementos sociais
- Enriquecer un imaxinario diverso

Actividades

1

Tal día como hoxe

Materiais: folios e material para escribir e para pintar.

Desenvolvemento: Elaborar fichas con personaxes públicas –reais ou de ficción- que cuestionaran a heteronormatividade e despois de investigar sobre o seu contexto reflexionar e narrar un día calquera na vida desta persoa. Non é preciso ter moitos datos, só aqueles significativos co obxectivo desta actividade. A proposta pode variar e traballar sobre o período histórico e cultural desa personaxe ou xogar con outras posibilidades.

Como afecta ás vidas das persoas os contextos nos que viven? Temos sempre os mesmos dereitos? A nosa mirada está libre de prexuizos e estereotipos?



Pódese empregar esta listaxe –que se inclúe para que sirva de exemplo tratando de achegar figuras de diferentes ámbitos- ou realizar unha busca consensuada co alumnado.

- Eduardo Blanco Amor
- María Xoxé Queizán
- Gloria Anzaldúa
- Marcel Proust
- Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga¹
- Pedro Díaz e Muño Vandilaz²

¹ Marcela e Elisa casaron na Coruña en 1901. A súa historia foi recollida no libro *Elisa e Marcela. Alén dos homes* de Narciso de Gabriel Fernández, en Edicións Nigra Trea. A compañía de teatro galega A Panadaría tamén dramatizou as súas vidas na obra *Marcela e Elisa*. Recentemente a directora Isabel Coixet vén de estrear un filme sobre estas dúas mestras.

² No Tombo del Mosterio de Celanova (Ourense) atopouse o documento máis antigo conservado na Península Ibérica no que se rexistra un matrimonio entre dous homes, Pedro Díaz e Muño Vandilaz, veciños de Rairiz de Veiga, o 16 de abril do ano 1601.

- Gerda Wegener e Lili Elbe
- Milhomes e o Bocas da *Esmorga* de Eduardo Blanco Amor
- A Maroutallo da obra de Otero Pedraio³
- As personaxes de Benquerida catástrofe de Teresa Moure
- Álex, o mozo transexual protagonista de *22 segundos* de Eva Mejuto
- Emma Goldman, quen denunciaba publicamente nos seus discursos a homofobia
- Cristy Shedimar Tojo Velasco, campioa europea de parakarate e lesbiana visible
- A comunidade lésbica da Rive Gauche
- Antía Fernández, a primeira deportista transexual en competición oficial en España
- Berdaches dos pobos amerindios
- Persoas Muxhe da cultura Zapoteca
- Marielle Franco, socióloga e política brasileira feminista e lesbiana activista polos dereitos das mulleres negras das favelas.
- Linn da Quebrada, artista brasileira negra, transexual, pobre e homosexual.
- Etc.

Chaves: Esta actividade debe formularse como un convite a facer unha lectura radical que cuestione a heteronormatividade, por iso son só parte de personaxes con identidades non normativas senón que inclúe outras que romperon cos modelos normativos de sexualidade no seu momento histórico ou que forman parte de culturas que non se estruturan como o pensamento binario occidental.

Sería interesante introducir algún trazo no que se inclúan aspectos que teñan que ver coa raza, a procedencia, a clase social ou calquera outro aspecto que axude a reflexionar sobre as condicións de vida de persoas á marxe dos modelos normativos e reflexionar sobre a cuestión dos privilexios. Resulta moi interesante o traballo da fotógrafa sudafricana [Zanelle Muholi](#) que realizou unha serie de retratos para amosar a mulleres lesbianas e trans do seu país e romper cos estereotipos e prexuízos que as amosaban revitimizadas e sen capacidade de acción. Tamén a obra *Just me and Allah* da fotógrafa [Samra Habib](#).



³ Neste caso non se fai referencia á intencionalidade do autor, senón que se presenta como un convite a facer unha lectura radical desta obra que cuestione a heteronormatividade como sinala Teresa Moure en *Queer-emos un mundo novo*.

Obradoiro Drag king/Drag Queen

[4]

Materiais: roupa, accesorios, pegamento para pel e maquillaxe

Desenvolvemento: A feminidade e a masculinidade son unha mascarada. Esta actividade consiste en facer un traballo de análise dos trazos da masculinidade e da feminidade hexemónica actuais. Detallar todo esta construción polo miúdo e reflexionar sobre como se reproducen estes modelos e que consecuencias teñen na vida das persoas.

En pequenos grupos ou nun traballo semiestruturado tratar de identificar modelos de ser home ou muller, hexemónicos ou non. Documentar todo este traballo previo de investigación. É importante dedicar tempo suficiente a esta parte para permitir unha reflexión profunda. Pode ser interesante consultar traballos de ficción ou de investigación que desenvolvan estas cuestións.

Na segunda parte cada estudante que participe creará a súa propia personaxe asumindo as características que saíron nas sesións de indagación. Caracterizaranse como corresponda á personaxe e levarán a cabo un pequeno xogo de roles para pór en escena os trazos cos



que se representa e reproduce esa identidade.

Chaves: O termo en argot «drag» (acrónimo de *dressed as a girl*) fai referencia as persoas que se travisten como parte dun espectáculo ou por satisfacción persoal e non ten que ver necesariamente cunha identidade sexoxenérica nin unha orientación sexual determinada.

Existen múltiples referencias para esta acción como poden ser o traballo pioneiro de [Diane Torr](#) e os seus obradoiros e performances *Man for a Day*, a obra *Drag King* de [Del Lagrace Volcano](#), os obradoiros do colectivo vasco [Medeak](#) ou o proxecto fotográfico de [Cabello/Carceller](#) *Drag modelos* (2007), por citar algúns recursos.

3

Dalle á lingua


Materiais: follas, material para escribir e o que corresponda para realizar a actividade de posta en práctica do código.

Desenvolvemento: Faremos grupos pequenos na aula que crearán un código propio respecto a unha serie de palabras que decidirán previamente. É suficiente con 8 ou 10. Proporemos algunha actividade para que poidan darlle uso a estes códigos. Pode ser a creación dunha historia, un foro ou durante unha clase normal. Tentaremos que sexan palabras que teñan un uso habitual na clase para que poidan utilizalas sen forzar o seu uso.

O resto de grupos terán que adiviñar o significado oculto do código. Non é preciso que sexa algo moi elaborado porque a intención da actividade é que funcione como un dispositivo para activar a reflexión.

Chaves: A homosexualidade estivo perseguida en diferentes graos durante os últimos séculos. Como unha estratexia de supervivencia articuláronse diferentes códigos que foron utilizados como forma de coñecerse e recoñecerse. Un caravel verde na Inglaterra do século XIX, o código do pano entre a comunidade homosexual de Castro en San Francisco ou a invención do *polari*⁴, unha xerga popularizada a mediados do século pasado nos bares gais de Inglaterra. En España os homosexuais «entendían» e as lesbianas atopábanse como «libreiras» e «tebeos».

A popularización destas fórmulas provocou que deixaran de utilizarse ao perder o obxectivo co que foron creadas.



⁴ *Putting on the dish* é unha curta en polari de Brian Fairbairn e Karl Eccleston que pode ser interesante para proxectar na clase. Está dispoñible en [Vimeo](#) e en [Youtube](#) (onde se poden atopar os subtítulos en inglés nos comentarios do vídeo).

Bloque 2

Celebración

A construción do outro como unha identidade en negativo, sen capacidade de acción e sometida fomenta os prexuízos e estereotipos nas representacións culturais e no achegamento ás persoas con identidades non normativas.

A celebración do Orgullo parte da idea de que ninguén debe avergoñarse do que é. Algo que no caso de colectivos perseguidos, psiquiatrizados e patoloxizados, criminalizados e violentados cobra un significado moi especial e cun grande potencial subversivo.

As marchas recuperan e ocupan un espazo público propio, rebelándose contra a invisibilización para, nun exercicio de toma do poder radical, celebrarse nas rúas de (case) todo o mundo.

Nos últimos anos hai críticas a certos modelos de celebración, sobre todo en Europa, por consideralas baleiras de contido reivindicativo e espazos onde se reproduce o *pinkwashing*, o homonacionalismo⁵ e a xentrificación. Fronte a isto convócanse os chamados «orgullos críticos» nos que se mantén unha axenda alternativa que recorda que a celebración do orgullo é, sobre todo, unha reivindicación.

Obxectivos

- Recoñecer o espazo social das identidades non hexemónicas
- Ter presente o carácter reivindicativo do Orgullo
- Celebrar a riqueza da diversidade

Actividades

1

Parafraseando

Materiais: fichas con frases ou fragmentos de pensamento pola diversidade sexual.

⁵ O termo *pinkwashing* aparece recollido no glosario de *Normal é un programa da lavadora*. O homonacionalismo, un termo que sae do traballo de Jasbir K. Puar, denuncia as alianzas de sectores nacionalistas conservadores cunha parte do movemento lgbtqi+ para articular posicións racistas e xenófobas, sobre todo cara as persoas musulmás.

Desenvolvemento: Trátase de establecer un diálogo co pensamento e os discursos dos estudos lgbtqi+. Faremos unha escolma de citas e fragmentos de pensamento que se repartirán entre o alumnado. É conveniente realizar previamente un exercicio de contextualización para poder situar estas teorías. Cada moza ou mozo terá unha ficha para analizar e comentar o que interpreta do material co que traballou. Pode valorarse a posibilidade de abrir un debate para afondar no significado ou para que, ao sumarse outras voces, se enriqueza o traballo de análise.

Chaves: A intención desta dinámica é celebrar a diversidade ao pór en valor o pensamento que soporta e articula este movemento social. É importante dar valor ás propias experiencias do alumnado para que a aprendizaxe que promove esta actividade sexa máis significativa.

Recoméndase facer referencia a pensadoras e pensadores que teñan vinculación co activismo para seguir traballando a liña principal desta unidade didáctica como poden ser: [Audre Lorde](#), [Virginie Despentes](#), [Brigitte Vasallo](#), [Jack Halberstam](#), [Paco Vidarte](#), [Gracia Trujillo](#), [Sejo Carrascosa](#), [Miquel Misse](#), [Paul Preciado](#), [Itziar Ziga](#) etc.

Recomendamos empregar textos de todo tipo, non só obras de produción académica (blogs, fanzines, entrevistas, material de obras artísticas...) para traballar con linguaxes que resulten máis motivadoras para a mocidade. Inclúese unha lista subxectiva de fanzines– todos dispoñibles para consulta en liña- para facilitar a escolla, como *Galiza Nación Cuir* da [Comisión de Sexodiversidade d'A Galleira](#); a revista de pensamento cuir *A Revolta d'xs Caracois*; *Consentimiento Sexual. Una movida... ¿de maricas? Reflexiones bujarras, punks y anarquistas sobre el consentimiento entre tíos*; *El privilegio cissexual* de [Julia Serrano](#), *Gorda zine* da arxentina [Laura Contrera](#)... entre moitos outros.



2

De-le-tre-ar

Materiais: fichas para completar os acrónimos

Desenvolvemento: Esta actividade pode facerse en pequenos grupos ou de forma individual. Consiste en desenvolver unha serie de palabras (por exemplo: intersexual, bisexual, xénero non binario etc.) empregando as letras que as compoñen como se fosen siglas que comprenderan moitos significados.

B.....	T.....	M.....	O.....
O.....	R.....	A.....	R.....
L.....	A.....	R.....	G.....
L.....	N.....	I.....	U.....
E.....	S.....	C.....	L.....
R.....		A.....	L.....
A.....			O.....

Chave: As identidades non son estables. Categorizar unha persoa pola orientación do seu desexo, con que identidade sexual se identifica ou pola súa expresión de xénero só serve para contemplar a esa persoa de un xeito parcial e sobredimensionar un trazo, algo que non

sucede cando se trata de identidades normativas como as persoas cixénero e as heterosexuais.

Na década de 1990, o grupo de lesbianas **LSD** empregaba as siglas que lles daban nome para autodenominarse de formas diferentes segundo o contexto da acción de protesta, multiplicando as posibilidades: Lesbianas Sin



18

Duda, Lesbianas Sudando Deseo, Lesbianas Sentenciando el Dominio... Este colectivo no que se relacionaban o feminismo e a reivindicación da diversidade sexual levaron a cabo accións artísticas como formas de acción política. O colectivo feminista galego **MUGRE** tamén utilizou unha estratexia parecida, ao nomearse cun termo que é á vez unha sigla e un falso acrónimo (MULheres Galegas Rebeldes Engraçadas).

3

Saír da caixa de correo

Materiais: cartóns, material para escribir e debuxar, revistas para facer colaxes, selos e calquera material de papelería que desexen utilizar para o deseño das postais.

Desenvolvemento: Para activar esta proposta convén dinamizar un debate e investigación sobre cuestións problematizadas agora mesmo no activismo lgbtqi+. Que asuntos están na axenda actual? Que temas afectan á sexodiversidade? Coñeces algunha demanda do colectivo que non apareza nos medios de comunicación maioritarios? Podemos identificar algunha das causas desa situación? Coas conclusións que saian do traballo do grupo podemos escoller un tema sobre o que a clase se sinta motivada a actuar. Investigaremos sobre a cuestión para coñecer as posibles perspectivas dentro do movemento lgbtqi+. En pequenos grupos poden deseñar postais e un texto de protestas. A actividade consiste en promover unha campaña para escribir á institución responsable esixindo unha resposta ou unha medida concreta ou ben enviar información a persoas da nosa comunidade para que coñezan estas reivindicacións.

Chaves: Durante a década de 1980 e 1990, os anos máis duros da crise do SIDA –polo descoñecemento e a inacción política e insitucional- os colectivos lgbtqi+ foron os primeiros en traballar na prevención do VIH e na sensibilización e denuncia da situación das persoas que enfermaban de SIDA. As accións destes colectivos conseguiron mellorar a calidade de vida das persoas con VIH e con SIDA (nalgúns lugares do planeta).



Un dos máis coñecidos foi o colectivo de acción directa **Act Up** (acrónimo de AIDS Coalition to Unleash Power, Coalición da Sida para Desatar o Poder), con grupos moi activos en Nova Iorque ou París. Realizaron numerosas accións para mellorar as leis, promover a investigación médica sobre a enfermidade e mellorar a asistencia sanitaria. Unha das estratexias que promovían eran accións postais para presionar a gobernos e farmacéuticas e conseguir o seu obxectivo de aumentar a calidade de vida de quen a padecían.

Seguimos aquí

Os discursos e accións do activismo lgbtqi+ foi crucial para asentarse as bases teóricas da actual situación de dereitos civís e alentar o traballo político, organizativo e social. As actividades que se propoñen nesta unidade didáctica teñen como punto de partida estratexias e accións de reivindicación e celebración propias do movemento LGBTQI+. O criterio, nesta ocasión, foi recoñecer o traballo fundamental de colectivos diversos, de diferentes territorios. Non están todos os que son pero si son todos os que están.

Continúa a necesidade do traballo político dos movementos sociais lgbtqi+ en cuestións concretas como a despatoloxización trans, a maternidadelésbica, as persoas inmigrantes con VIH/sida con e sen papeis, etc. E outras que poidan problematizarse nos próximos anos. Como di Mari Luz Esteban o amor é necesario, pero non suficiente. Necesitamos xustiza, reparación, apoio mutuo...

Para todas as persoas represaliadas, estigmatizadas e maltratadas pola súa orientación sexual, a súa identidade ou a súa expresión sexoxenerica. Por non ter medo. Por ser. Grazas por facer para nós un mundo un pouco máis libre.

Seguimos aquí.

Todas as imaxes utilizadas neste traballo teñen unha finalidade educativa e de recoñecemento, non lucrativo.

Índice de imaxes

[1] [2] [3] De esquerda a dereita, Berdache, Linn Da Quebrada e Marcela e Elisa

[4] Retratos da serie *Just me and Allah* de Samra Habib

[5] Fotografía da performance de Medeak na manifestación da IV edición das Xornadas Feministas de Euskal Herria en Bilbao. A imaxe é de Pradip J. Phanse.

[6] Imaxe do traballo *Gay Semiotics* (1977) de Hal Fische

[7] Portada do número 0 do fanzine Galiza Nación Cuir (2016) da Comisión de Sexodiversidade d'A Galleira

[8] Cartel de unha festa organizada por LSD

[9] Acción de Act Up Paris na que colocaron un preservativo xigante na praza da Concordia.

